

“Como mulleres e educadoras temos moito que decir diante da guerra”

As mulleres toman postura contra a guerra

Versións oficiais

□ Hoxe adquire máis senso que nunca a coeducación para a paz

“A filosofía que mantén a necesidade das guerras é a mesma que convirte en herois a quen mata a máis inimigos e esquece a quen se adicou, ao longo da historia, ao coidado da vida, das enfermidades, da infancia, da vellez, das feridas...”

Durante meses preparáronos para unha guerra “inevitable”, despois presentarónnos unha guerra “limpia”, a continuación foi unha guerra “xusta” e agora os “erros” da apuntería aliada fan que morran ¿deceñas?, ¿centos?, ¿milleiros? de persoas civís.

E iso non ven sendo máis ca o limiar da chamada “ofensiva terrestre”, para a que os efectos os ordenadores, novos profetas, pronostican xa centos de miles de persoas mortas.

O decorado e os efectos especiais van cambiando segundo as necesidades do guión. Asistimos horrorizados a unha parafernalia digna da guerra das galaxias e así, polas pantallas da Televisión desfilan as imaxes dos máis modernos e sofisticados mísís, avións, carros de combate e toda sorte de inxenios destructores, paradóxicamente acompañados dunha lingüaxe propia da Segunda Guerra Mundial e dos tempos da “guerra fría”.

A continuación, quen presenta as noticias despídese cun sorriso e a normalidade volve ós nosos lares.

Perfumes carísimos e aventuras incomparables, ofrécese ao noso consumo e disfrute.

Demagogia

A verdade é que a demagogia máis arcaica trata de apoderarse da conciencia e das vontades da cidadanía, facendo esquecer experiencias e que, en definitiva, as tremendas consecuencias da guerra van a ser para as xentes de a pe e non para quen fai estoupar os conflitos.

Parafraseando a Paul Valery: “Na guerra mátanse persoas que non se coñecen, polos intereses de persoas que se coñecen e non se matan”.

Cando Bush arenga ao exército, chamándolle “defensor da orde, da paz e da democracia”, ¿de qué está a falar?, ¿da discriminación entre homes e mulleres?, ¿da xente nova?, ¿das razas oprimidas?, ¿da tremenda desigualdade entre o Norte e o Sul?, ¿dos países poderosos en relación cos países pobres?, ¿da corrupción?, ¿dos abusos de poder?

Todo iso e moito máis constitúe a realidade deste planeta. Os intereses que se defenden no Golfo Pérsico son ben diferentes.

Os exércitos non se moven



Os nenos hai que explicarlle a guerra obxetivamente.

para salvar ideais democráticos, senon pola hexemonía do poder, hoxe polo petróleo e mañá por calquer outra razón que a poña en perigo. Os países poderosos, ademais do monopolio da riqueza, de seren árbitros da guerra e da paz, adxudícanse o da cultura e o da democracia. A nosa paz non é só a retirada de Kuwait, é a posibilidade de desenvolverse como persona nunha sociedade máis xusta e igualitaria entre homes e mulleres, entre países ricos e probes, entre o Norte e o Sul. “O desarme universal comenza polo desarme cotián. Esa vida diaria das mulleres que non libran a súa loita contra os cañóns, pero si enfrontado os malos tratos as agresións e as discriminacións, produto da desigualdade e da prepotencia desta sociedade”. (Cristina Almeida, 1991).

“O discurso belicista sempre tivo o contido de facernos heroínas á beira dos nosos fillos, noivos e maridos, ser nai esposa e “repouso do guerreiro”, “defender a patria desde o noso posto”. Hoxe, as portas do século XXI, as mulleres somos persoas pensantes e non nais mediñentas, que levamos recorrido un longo camiño de loita. Cando optamos pola filosofía do feminismo, transformadora do mundo, é porque queremos un cambio de civilización”. (Sal, xaneiro, 1991).

As mulleres queremos a igualdade, pero non para incorporarnos a algunhas institucións, que se sosteñen sobre valores que non son os nosos, sobre unha filosofía que é a mesma de quen exerce a violencia na vida diaria: a competitividade, a

xerarquía, as organizacións rixidas, o uso da forza, as actitudes dictatoriais.

A filosofía que mantén as necesidades das guerras é a mesma que convirte en herois quen mata e vence a máis inimigos e esquece a quen se adicou, ao longo da historia, ao coidado da vida, das enfermidades, da infancia, da vellez, das feridas.

Como mulleres e como educadoras, temos moito que dicir acerca da paz e diante da guerra, nós si que sabemos e padecemos os valores desa cultura hexemónica. A humanidade está amenazada por unha guerra que xámais será a súa guerra. ¡Tampouco é a guerra das mulleres!

Hoxe adquire máis senso que nunca a coeducación de persoas para a paz. Nas grandes declaracións de principios da reforma educativa, fálase de educar na tolerancia e na solidariedade. ¿Cómo cadrn esas declaracións con este trunfo e exaltación do paradigma dos

valores máis machistas desta sociedade: a agresividade e a prepotencia do macho guerreiro?

Racionalidade

¿Cómo se pode educar na racionalidade propiciando unha guerra que é a maneira máis irracional de solucionar os conflitos?

¿Cómo se vai formar ao alumnado para que exerza o sentido crítico, facéndolle crer que un conflito de tamañas proporcións é produto da loucura e ambición (das que non dubidamos) dun “moro” chamado Saddam Husein?

¿Cómo se vai a educar na non discriminación por motivos de raza ou relixión, cando se fomenta o racismo contra “o moro infiel” e a “guerra santa”?

MARI ALVAREZ, ELDA ALVAREZ, INMA PIZARRO, ROSA RODRIGUEZ y GLORIA SONEIRA

O B R I G A

Secretaria da muller do SGTE

Cando se estaba a elaborar este material didáctico, estallou a Guerra do Golfo. Pensamos que era o nosa obriga tomar a voz e a palabra e dicir o que, como mulleres e educadoras, pensamos desta guerra.

E xa que os medios de comunicación e a historia silencian a nosa voz, tratamos de rastrear algunhas imaxes das mulleres e a guerra, e de recuperar algunhas voces femininas que se levantan contra ela e contra unha cultura patriarcal de milenios.

O que en un principio era só un intento de tirar da escuridade algunhas mulleres na nosa historia, convertiuse tamén nun manifesto contra a guerra e nunha reflexión sobre coeducación para a paz e o seu significado hoxe.

Os materias que se ofrecen poden ser punto de partida para actividades diversas nas aulas. Deixámolo á vosa creatividade e bon facer.

As versións oficiais non lle explican ás nenas nen aos nenos que os países occidentais non actuaron coa mesma contundencia contra a invasión de Panamá ou Granada, polos EE.UU., nen contra a ocupación por Israel de Gaza, Cisjordania, etc...por citar só algúns exemplos.

Tampouco lle explican que non hai invasións “boas” e invasións “malas”, que é tan denunciante a invasión de Kuwait por Iraq, como calquera das anteriores.

Que non é Iraq a única tiranía que existe no mundo, nen Saddam o único sátrapa. Que durante anos, os gobernos do primeiro mundo non se ocuparon de Chile, nen do pobo palestino, nen do saharai nen dun longo etcétera e seguen sen facelo nos plans de paz para despois da guerra.

“Que os mesmos gobernos que durante anos armaron a Saddam, non o condenaron polas torturas nen as mortes ás que someteu ao pobo kurdo, rás-ganse agora as vestiduras pola invasión de Kuwait, gobernado por un emir que non era precisamente un paladín da democracia”. (Cristina Garaizábal, 1991). “Se en Kuwait houbese tulipáns e non petróleo...”. (María Deaño, 1991).

Evitable

Que a guerra non é inevitable, nen a participación española tampouco, que non todos os países europeos son “solidarios” co “amigo americano”, que nen Suecia, nen Suíza, nen Austria, nen a propia Alemaña, nen Irlanda, nen... teñen acudido ao son das trompetas dos señores da guerra. Que a neutralidade é posible e desexable.

O noso proxecto está no horizonte dunha nova sociedade.

Un proxecto que supón unha tarefa emancipatoria, política, cultural, social e económica. É necesario un cambio nas relacións sociais que sente as bases para unha sociedade armónica; a xusta distribución das riquezas da terra; a igualdade real entre todas as persoas, homes e mulleres, brancas ou negras; o respecto ecolóxico; a soberanía individual e colectiva; a eliminación das inxusticias e as hexemonías asoballadoras.

Unha sociedade que asegure a paz a todos os pobos do mundo, como factor de supervivencia e desenvolvemento.

Iso é o que entendemos por educar para a paz e ese é o proxecto que queremos construír coas nosas alumnas e alumnos.

Pode parecer utópico, tal vez, pero quere ser a voz, silenciada pola historia, da metade da humanidade que sofre discriminacións e inxusticias, a voz das mulleres que queremos tomar a palabra, que queremos unha sociedade que poña a paz por bandeira.

Concepción Arenal foi a primeira que entrou na Universidade

Mulleres que loitaron na escuridade da Historia

□ *Da monxa Eteria á alférez María Pita*

Eteria: Monxa e escritora galega do século IV. Acadou enorme fama pola súa viaxe a Terra Santa da que deixou unha preciosa reseña no seu "Itinerarium". A autora viaxou dende España ata os Santos Lugares e de aquí a Exipto, onde visitou a Tebaida, seguindo logo a ruta percorrida polo pobo de Israel no deserto ata chegar ó monte Sinaí. O texto do "Itinerarium" atopouse a finais do século XIX e despertou crecente interés entre arqueólogos, historiadores e filólogos.

Raiña Lupa: Segundo a lenda da traslación do corpo do Apóstolo Santiago, recollida no Códice Calixtino, trátase dunha muller viuva, de noble estirpe, que vivía na fortaleza levantada no Castro de Francos ou Lupario. Axudou ós discípulos e asistiu a certos feitos "milagreiros" que a fan converterse ó cristianismo. A súa figura deu lugar a múltiples comentarios e motivou poesías e mesmo un importante drama histórico.

Dona Urraca: Raiña de León e Castela entre 1109 e 1126, un persoaxe de especial significación na historia medieval galega, tanto pola súa conflictiva personalidade canto polos numerosos acontecementos que se produciron durante o seu reinado. Dende o problema almorávide ata a guerra civil contra os partidarios do seu segundo marido, Alfonso I "O Batallador", poucos momentos de paz poido vivir no tempo de seu mandato.

María Soliña: En Santiago de



Emilia Pardo Bazán.

Compostela, no ano de gracia de 1621, ábrese xuicio contra María Soliña, viuva de Pedro Barba, mariñeiro da vila de Cangas, morto en acción de guerra contra a invasión turca 1617, de sesenta anos de idades, testificada por doce testemuñas de que tiña sona de bruxa e de que a tiñan por tal e consentíao....". "No día de hoxe condénase a María Soliña á confiscación de tódos os seus bens e a portar o sambenito de penitente durante seis meses. En Santiago, a 23 de xaneiro do ano de gracia 1622". María Soliña morreu na tortura.

Emilia Pardo Bazán: Escritora dunha curiosidade intelectual aberta a ámbitos científicos, pensamentos filosóficos, etc... Viaxou por toda Europa. Ademais de escribir novelas e libros de crítica, colabora nas principais revistas galegas, madrileñas e barcelonesas. En 1892, denunciou a discriminación da muller no ámbito educativo: "No puede, en rigor, la educación actual de la mujer, llamarse tal educación, sino doma...". "Aspiro, señores, a que reconozcan que la mujer tiene destino propio, que sus deberes naturales son para consigo misma....,

que su felicidad y dignidad personal tienen que ser el fin esencial de su cultura.

Concepción Arenal: Naceu o 31 de xaneiro de 1820 en O Ferrol. Despois dunha primeira educación tradicional, parece ser que continuou formándose pola súa conta e rexeitando abertamente as formas habituais nas que se pechaba por entón a vida da muller. No 1841 foi a primeira muller que entrou na Universidade como oínte, disfrazada de home, sen ter dereito a título algún. O longo da súa vida publicou grande cantidade de obras literarias, de pensamento...., colaborou en numerosas revistas e ocupou cargos públicos relacionados coa vida penitenciaria. Mostra do seu pensamento pode ser a seguinte cita: "La sociedad no puede asentarse bien sobre la resignación y la generosidad, sino sobre la justicia".

María Castaña: Foi unha das dirixentes máis destacadas das revolucións populares ocorridas na cidade de Lugo a principios do século XV, que culminaron coa morte do bispo da cidade, Don Lope, a mans das indignadas masas populares que se opuñan ás abusivas cargas e imposicións que soporaban.

María Pita: Decidida defensora da Cidade de A Coruña fronte ós navíos ingleses do corsario Drake, no 1589. Foi un dos poucos casos nos que a muller recibiu un recoñecemento público do poder ao seren nomeada alférez por Felipe II.

Datas significativas

● **Francia, 1791:** Olympe de Gouges proclama a "Declaración dos Dereitos da Muller como Cidadana. Pagou a súa "osadía" coa guillotina.

● **Estados Unidos, 1848:** Primeira Convención sobre os dereitos da muller en Seneca Falls, Nova Iorque.

● **Reino Unido, 1868:** Loita das sufragistas inglesas polo dereito ó voto, entre outras Emmeline Pankhurst e as súas fillas Christabel e Silvia, así como a mártir Emily Davison.

● **EE.UU., 1908:** 129 mulleres da fábrica "Cotton Textil", en folga para a defensa do seu posto de traballo e pola xornada laboral de 10 horas, ocuparon a fábrica. O patrón pecha as portas, chama as forzas policiais para que as saquen á forza. Ante a negativa destas a abandonar o edificio os policías lanzan bombas incendiarias. As 129 mulleres morren abrasadas.

● **Dinamarca, 1910:** II Conferencia Internacional das Mulleres Socialistas reunidas en Copenhague na que se declarou segundo a proposta de Clara Zetkin o 8 de marzo: Día internacional da muller traballadora".

● **España, 1931/1939:** Durante a II República, despois de virulentos debates parlamentarios nos que hai que salientar a actuación da diputada Clara Campoamor.

Mulleres como Dolores Ibárruri (Pasionaria) e Federica Montseny destacan na vida política. Acádanse numerosos dereitos para a muller.


Datas da obtención de voto polas mulleres

□ *En España foi no ano 1931*

O primeiro país de que se teñen noticias que permitiu votar ás mulleres foi Nova Zelandia. En España este dereito foi posto en marcha no ano 1931. As datas e países máis importantes son as seguintes:

- Nova Zelandia, 1893
- Australia, 1901
- Finlandia, 1906
- Noruega, 1913
- Dinamarca 1915
- Islandia 1915
- Holanda, 1917
- Rusia, 1917
- Inglaterra, 1918
- Alemania, 1918
- Suecia, 1919
- Estados Unidos, 1920
- Irlanda, 1922

- Austria, 1923
- Checoslovaquia, 1923
- Polonia, 1923
- España, 1931
- Francia, 1945
- Italia, 1945
- China, 1947
- Canadá, 1948
- India, 1949
- Xapón, 1950
- México, 1953
- Exipto, 1956
- Suiza, 1971





A METADE DA HISTORIA

Están a roubarnos a metade da nosa historia: a historia feita por media humanidade, tan decisiva, que sin ela non habería a outra media. Os libros da Historia que se ensina nos colexios non mencionan apenas accións de mulleres. Cando reivindicamos esa presenza non o facemos tan só por unha mínima xustiza ou de solidariedade co 50%, anónimo, do xénero humano; facémolo ademais porque esquencer as vidas de persoas que nos precederon é unha falsificación.



A muller desenvolve case tódolos traballos do agro.

Reivindicación da presenza da muller nos libros de historia

□ A importancia das actividades da muller na nosa cultura ten orixes moi remotas

Non resulta fácil para ningún, nen siquera para as mulleres comprometidas coa cultura feminista, citar unha ducia de mulleres que tiveran un papel destacado no pasado de Galicia, ¿acaso non houbo nen siquera unha ducia? Se a Historia de Galicia está debuxada como froito da súa periférica marxinação e ausencia dunha conciencia colectiva de existir diferente, ¿qué decir da situación das mulleres que deron vida a esa Historia! Coñecer a participación feminina significará pois unha reivindicación da Historia, do rigor histórico preciso para entender o por qué da nosa sociedade.

E bastante coñecido, e o mesmo se ten deformado como tópico, que o papel das galegas na sociedade rural tradicional tivo unha maior importancia que en outras culturas; e a sociedade tradicional aínda está presente entre nós. A muller en Galicia non só se ocupa do traballo doméstico como noutras culturas, senón que sobre ela recae gran parte do traballo agrario (coidar do gando, traballar a terra,...), de forma exclusiva cando emigran os varóns da familia e compartida en non menos do cincuenta por cento cando os varóns están presentes, xa que determinadas tarefas como a de comercializar os excedentes agrarios, seguen sendo esencialmente femininas. A importancia das actividades das mulleres na nosa cultura ten orixes moi remotas. Aos escritores romanos, nos que estaba solidamente asentada a ideoloxía patriarcal, resultáballe chocante o protagonismo feminino na sociedade castrexa e describen as bárbaras costumes de cántabros, astures e galaicos entre os que as mulleres tiñan a propiedade de terras e eran elas as que deixaban en herdanza ou dispuñan o casamento dos seus irmáns va-



Recreación de María Pita.

róns. Eran os varóns os que tiñan que aportar dote no matrimonio e non as mulleres. Algunhas interpretacións históricas quixeron identificar estas prácticas cunha forma de matriarcado, o que resulta a todas luces excesivo. Non parece probable que existise en ningures unha sociedade "matriarcal".

Civlizacións urbanas

Cando se constitúen as civilizacións urbanas escravistas (en torno ao carto milenio A.C. no Próximo e Medio Oriente) comenza a institucionalizarse a subordinación das mulleres acrecentándose os rasgos de dominación social nos varóns. Esta cultura do patriarcado irá recortando a participación das mulleres nas actividades que se lle poidesen dar algunha autonomía, traducíndose a subordinación feminina tamén no plano ideolóxico como se manifesta na progresiva subordinación das divinidades femininas (tan importantes desde as "Venus" paleolíticas pasando pola grande Nai Terra ou deusa da fertili-

dade neolítica) que serán reconvertidas en "esposas" do deus guerreiro masculino. A cultura grecorromana, herdeira desta tradición patriarcal, non comprende a pervivencia nas culturas non-urbanas, como as do Norte da Península Ibérica, de comportamentos que correspondían ás sociedades nas que as mulleres e homes tiñan responsabilidades comparti-

das. Non se trataba de que os homes non fixeran máis que "guerrear" ou permanecer deitados, como afirma Strabón. Podería ser que os homes estivesen encargados da caza, a gandería, as operacións comerciais ou de saqueo e as mulleres, da industria doméstica, da agricultura e, en xeral, das actividades da casa.

Algunhas destas tradicións terán certa continuidade nas zonas rurais nas que a ideoloxía dominante se introduce moi paseniñamente. A valoración das mulleres na sociedade rural que asentaba as súas raíces no Neolítico non vai ser de subordinación como nas zonas urbanas ou entre as clases altas, máis influídas pola ideoloxía patriarcal.

Así permanecen vivas no folclóre algunhas figuras míticas, como por exemplo a raiña Lupa que segundo a leenda recibiu aos discípulos do Apóstolo cando o traían a enterrar desde Padrón a Compostela.

Figuras como ésta non fan máis que manter a lembranza doutro tempo no que as mulleres desempeñaban labores semellantes aos homes.

RAMON L. FACAL

CRISTIANISMO

Certa presenza activa das mulleres

Cando se difunde o cristianismo aínda van conservar as mulleres por un tempo certa presenza activa na vida cultural.

Podería ser que parte do éxito que tivo na antiga Gallaecia o Priscilianismo fose debido a que propiciaba a participación das mulleres no culto relixioso, o que resultaba certamente escandaloso e intolerable para o patriarcado eclesiástico. Pero mesmo entre os círculos da intelectualidade máis ortodoxa destes primeiros tempos do cristianismo destaca unha persoa tan singular como Exeira ou Eteria, muller de cultura facendo agudos comentarios sobre as diferencias que atopaba coas descripcións bíblicas, ou reflexións sobre a igrexa en Oriente. Resulta admirable que neses anos dífiles emprendese unha viaxe tan longa e arriscada e sobre todo redactase un libro tan riguroso como "Peregrinatio as loca Sancta".

Na vida política

A pesar das limitacións impostas ás mulleres na vida pública nunca poideron acadar totalmente coa súa voz a decisión.

Moita xente ten escoitado mencionar a unha tal María Castaña, persoa con existencia histórica real e cun papel tan decisivo que conseguiu manter viva a súa memoria, aínda que sexa tan só nos contos infantís ou na tradición oral "Nos tempos de María Castaña...".

María Castaña foi unha das dirixentes máis destacadas das revolucións populares ocorridas na cidade de Lugo a principios do século XV, que culminaron coa morte do bispo da cidade, Don Lope, a máns das indignadas masas populares que se opuñan ás abusivas normas e imposicións que viñan soprotando. Non deixa de ser significativo que apenas se conserven referencias sobre esta muller, pero que teña tanta forza na literatura infantil da tradición oral.

Máis coñecida resulta, xa na época moderna, a figura de María Pita, decidida defensora da cidade de A Coruña, fronte aos navíos ingleses de Drake e máis do almirante Norris en 1589. Foi un dos poucos casos nos que unha muller recibiu un recoñecemento público do poder establecido o ser nomeada co cargo e soldo de alférez polo rei Felipe II.

Na época Moderna (séculos XVI-XVIII) desenvolveuse en Galicia unha industria textil de tipo doméstico de certa importancia. Por suposto que eran as mulleres as que realizaban todo o proceso, desde a recollida de liño, o mazado, fiado, tecido, branqueado, etc... Esta actividade declinará no século XIX por falla de inversións e modernización que lograsen facela competitiva fronte ás novas industrias mecanizadas. Os lenzos de liño eran transportados por arrieiros aos mercados do interior da península, e tamén polos segadores que acudían cada ano aos traballos agrícolas de Castela, Extremadura ou Andalucía e axudaban a manter a moitas familias campesiñas.

Emigración

Pero tampouco a emigración foi un fenómeno exclusivamente masculino como se ten presentado. Moitas mulleres participaron tamén nas cuadrillas de traballadores temporeiros, aínda que era máis frecuente a emigración como criadas de servir.

Ademais dos tecidos de liño, outra industria consegue unha expansión importante no século XVIII, foi a salgadeira da sardiña, que dirixen comerciantes cataláns desde 1750. Tamén neste caso a man de obra barata das mulleres de Galicia foi esencial na súa difusión; a mesma man de obra que no século seguinte se vai a ocupar nas fábricas de conservas implantadas a finais do século XIX. Así como a agricultura foi desde os seus inicios unha actividade tipicamente feminina, tamén a industrialización de Galicia estivo vinculada en grande medida ao traballo da muller.



A METADE DA HISTORIA

A sociedade burguesa non ten reparos na sobreexplotación da muller

□ Unhas das primeiras folgas foi na Fábrica de Tabacos de A Coruña

A sociedade burguesa que sublima o papel da muller como, ama de casa, reproductora da ideoloxía e valores patriarcais e que a reduce ao ámbito doméstico, non ten reparos na sobreexplotación das traballadoras en fábricas sórdidas e condicións de traballo de increíble dureza. Non é de extrañar que en Galicia unha das primeiras folgas nunha industria fose protagonizada polas cigareiras que traballaban na Fábrica de Tabacos de A Coruña. En todas as xeneracións houbo mulleres dispostas a facerse oír por enriba dos muros da incompreensión.

Galicia tan unha débeda eterna con Rosalía, muller lúcida, crítica, contradictoria, vacilante e firme. Ela soubo encarnar como ninguén antes o sentir dun país que sofre e poñer en palabras a vontade dunha existencia plena.

Rebelde contra a estupidez e caducos valores patriarcais que se resistían a desaparecer foi a condesa de Pardo Bazán, capaz de facer triunfar a súa independencia. Ou Concepción Arenal respetada ata polos seus adversarios. Formaban parte dos grupos privilexiados da sociedade, pero souperon enfrentarse ós valores dominantes do seu tempo. Non foron as únicas nen só nestes grupos sociais foi onde houbo mulleres con capacidade e decisión: ¿qué outra cousa senón a decisión de rebelarse contra a fame foi a que impulsou a Pepa "A

Loba" a botarse ó monte e dirixir unha banda marxinalada?

As mulleres recluídas no espacio privado da vivenda familiar, parindo xeneración tras xeneración, cuidando nenos, vellos e enfermos, ocupándose do duro, rutinario e ingrato traballo doméstico; a muller é a que busca e pon remedios, a que conserva os coñecementos e as tradicións seculares, incluso co risco de ser aínda máis marxinalada ou mesmo de deixar vida e facenda nas implacables mans da Inquisición, acusada de bruxería, como lle aconteceu a María Soliña de Cangas.

Serán as mulleres as que soporten todas as cargas familiares e todos os traballos do campo cando os homes emigran por centos de miles desde finais do século XIX, primeiro a América e despois a Europa, quedando como "viuvas de vi-



Rosalía de Castro.

vos", agardando por un regreso que non sempre se produce e que as máis das veces non era senón a chegada dunha persoa vella, enferma e derrotada á que coidar. Cando en 1936, en Vigo, un militar fascista da unha proclama de odio e guerra, unha muller lanza un berro de rabia e intenta arrebatarlle o pa-

pel. ¿Quién recorda o seu nome? Reivindicar a súa memoria, a de todas as mulleres que fixeron e fan a nosa historia non é só un acto elemental de xustiza e solidariedade, é una contribución imprescindible para recuperar as claves que nos permitan comprender e transformar o mundo que nos deron.

¿Sabías que...?

- O Norte, co seu desenvolvemento non sempre racional, agota os recursos que corresponden á todo o planeta.
- O aire acondicionado dos EE.UU. gasta máis enerxía eléctrica que toda a poboación da China.
- A metade dos insecticidas consumidos no mundo van a parar aos céspedes e cemeterios dos países desenvolvidos.
- Cada can doméstico do mundo occidental comeu no 1967 o equivalente ao ingreso medio de cada persoa da India.
- Se os 400 millóns de persoas que vivían na Terra no 1975, tiveran comido como as que viven nos Estados Unidos, só habería alimentos para a cuarta parte.
- Suecia, con 10 millóns de habitantes, consume tanta enerxía como toda a India.
- O consumo de calorías dos cans e gatos franceses é igual á produción de calorías de Portugal.
- A poboación dos Estados Unidos, o 6% da mundial, absorbe o 55% de todos os recursos naturais.
- Por cada criatura que morre en Francia, morren 24 na India e 50 en África.
- No ano 1970, o 65% da humanidade pasaba fame, mentras que o 15% estaba sobrealimentado e 27 millóns de persoas obesas gastaba 100 millóns de dólares en adelgazar.

A muller

- A muller representa o 52% da poboación mundial. A súa educación e as formas patriarcais da sociedade fan dela unha forza laboral barata.
- O seu papel no mundo futuro é primordial. Ela leva a educación das súas fillas e fillos, pero dá as taxas máis grandes de analfabetismo (En Galicia hai catro mulleres analfabetas por cada home).
- Realiza o traballo doméstico, que como reproductor das condicións materiais de existencia é o mais fundamental dos traballos. Pero este non se valora socialmente e a escola non o incorpora aos seus contidos.
- Moitas mulleres traballan fora das súas casas, pero teñen que encargarse tamén de organizar a súa propia, coidar das criaturas, das enfermidades, das persoas anciáns, etc...

ENRIQUE MENESES

LIBROS

"La creación del patriarcado"


O patriarcado, a institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres dentro da familia e a extensión desta superioridade ao resto da sociedade non é un feito natural ou biolóxico, senón o resultado dun proceso histórico que tardou uns 2.500 anos en completarse. Gerda Lerner, desde unha interpretación que devolve ao xénero feminino o papel central que ten na historia, rexeita as visións simplistas que presentan á muller só como vítima da violencia do home, ou os mitos como os do matriarcado primitivo.

Centrando o seu estudio na antiga Mesopotamia, e baseándose en testemuñas literarias e arqueolóxicas, explica cómo se desenvolveu a subordinación da muller, manifestada non só no seu sometemento ás regras da familia patriarcal, senón no establecemento dun control sexual por parte do Estado ao tempo que era desprazada da esfera relixiosa, arrecunhando ás deusas e deixando o sacerdocio para os varóns. No Xénese a muller aparece xa como un ser de orixe diferente, que só a través do varon pode participar no pacto con Deus. Demuestra que este proceso está estreitamente ligado á aparición da escravitude, á división da sociedade en clases e á consolidación do poder do Estado.

BIBLIOGRAFÍA

- Amelang, James. S. Nash, Mary (Eds.) *Historia y género. Las mujeres en la Europa moderna y contemporánea*. Valencia. Instituto de Estudios Valencianos. 1989.
- Badinter, F. *¿Existe el amor maternal?* Barcelona. Paidós. 1981.
- Capel Martínez, Rosa M. *El trabajo y la educación odoe la mujer en España (1900-1930)*. Madrid. Min. Cultura. 1982.
- Evans, Richard J. *Los movimientos de emancipación de la mujer en Europa, América y Australia, 1840-1920*. Madrid. Siglo XXI. 1980.
- Fhenreich, B. English, D. *Brujas, comadronas, enfermeras. Dolencias y trastornos*. Barcelona. LaSal. 1981.
- Instituto de la mujer. *El trabajo de las mujeres a través de la historia. Centro feminista de estudios y documentación*. Madrid. Min. de Cultura. 1985.
- Institut Catalá de la dona. *Les dones fan historia*. Barcelona. Generalitat de Catalunya. 1990.
- Lener, Gerda. *La creación del patriarcado*. Barcelona. Ed. Crítica. 1990.
- Martín Gaité, Carmen. *Usos amorosos de la postguerra oespañola*. Barcelona. Anagrama. 1987.
- Moreno, Amparo. *El arquetipo viril protagonista de la historia. Ejercicios de lectura no androcéntrica*. Barcelona. LaSal. 1986.
- Nash, Mary. *Mujer, familia y trabajo en España 1875-1936*. Barcelona. Anthropolos. 1983.
- Nash, Mary. *Presencia y protagonismo: aspectos de la historia de la mujer*. Barcelona. Ed. del Serhal. 1984.
- Pernoud, R. *La mujer en el tiempo de las catedrales*. Barcelona. Granica. 1982.
- Pomeroy, Sarat R. *Diosas, rameras, esposas y esclavas. Mujeres en la antigüedad clásica*. Madrid. Akal. 1987.
- Power, E. *Mujeres medievales*. Madrid. Encuentro. 1979.
- Rowbotham, Sheila. *La mujer ignorada por la historia. Tribuna feminista*. Madrid. Debate. 1980.
- Rowbotham, Sheila. *Mundo de hombre, conciencia de mujer*. Madrid. Debate. 1977.
- Scanlon, Geraldine M. *La polémica feminista en la España contemporánea*. Madrid. Siglo XXI. 1976.

GARABULLIÑO



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

